



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/05/2017 11.34.04

SAÍDA 45785 / RX 767479



MCL/MVL/ mfr

Xúntase, co rogo, da súa divulgación entre a comunidade educativa do seu centro, as listaxes correspondentes ao disposto no artigo 15.3 da *Orde do 2 de febreiro de 2017 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2017, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.* (DOG do 27/02/2017), unha vez rematado o prazo establecido no artigo 15.2 desta Orde de convocatoria:

Anexo I: listaxes provisionais de seleccionados/as e de suplentes, ordenados por puntuación:

- 1º ESO.
- 2º ESO.
- 3º ESO.
- 4º ESQ.
- 1º Bach.
- 2º Bach.

A posición nas listaxes e, polo tanto, a asignación a un grupo de “achega familiar”, estará condicionada ás posibles reclamacións e, no seu caso, á presentación da documentación alegada polos solicitantes incluídos no Anexo II, podendo variar entre estas listaxes e as definitivas.

Anexo II: listaxe de solicitudes que precisan de remisión de documentación relacionada coas comprobacións segundo o establecido no artigo 3.1.e) da Orde de convocatoria destas axudas, correspondentes ás autorizacións citadas no artigo 6.1.e), así como á recepción dos datos relacionados no artigo 6.1.d).

Estas listaxes poderán ser consultadas na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>. Así mesmo, as especificacións referidas ás solicitudes incluídas no Anexo II consultaránse a través da opción “3. Estado solicitude” do menú establecido nesta páxina web.

Ábrese un prazo de 10 días naturais para efectuar reclamacións e presentar alegacións.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2017

O SUBDIRECTOR XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA E
FORMACIÓN DO PROFESORADO,

Manuel Vila López

SR./A. DIRECTOR/A. DO CENTRO